

OS DÍAS AFOGADOS

[César Souto Vilanova & Luis Avilés Baquero, 2015]

152

ESTREA EN NUMAX: 16.09.2016 | V.O. | TODOS OS PÚBLICOS

FICHA TÉCNICA

Os días afogados (2015, 87')

Dirección: César Souto Vilanova, Luis Avilés Baquer

Guión: César Souto Vilanova, Luis Avilés Baquero, Cristina Liz Graña

Montaxe: Cristina Liz Graña, César Souto Vilanova

Son: Alejandro García, Roberto Domarco, Rodolfo Ansede

Música: Ramón Orencio, Fabio González

Fotografía: David Rodríguez Muñiz

Produtora: Amanita Films (España)

Distribuidora: Amanita Films

Formato de proxección: DCP 2K

Idioma orixinal: Galego

FESTIVALS

Mestre Mateo 2016 (mellor documental).

Proxectado en Play-Doc, Cineuropa,

Alcances, Ourense, Toulouse.

FILMOGRAFÍA LUIS AVILÉS

Unary, 2015 [curtametraxe]

Retornos, 2009

A subela, 2002 [curtametraxe]

«Un deses filmes que non gusta ver, pero que hai que ver, polo menos unha vez na vida, para reflexionar sobre esas cousas que a miúdo pasan desapercibidas»

Alexandre Escariz. CINEMA GALEGO

SINOPSE

En 1992, a construción do embalse de Lindoso (Portugal) anegou para sempre as aldeas de Aceredo e Buscalque (Ourense). Os seus habitantes nada puideron facer para salvar as súas terras nin os seus fogares. Sabendo que todo estaba a punto de perderse, varios veciños colleron as súas cámaras domésticas e comezaron a gravar. As súas imaxes, gravadas desde mediados dos anos 60, constitúen un valioso documento histórico e etnográfico, filtrado pola subxectividade e as vivencias familiares.



OS DÍAS AFOGADOS

[César Souto Vilanova & Luis Avilés Baquero, 2015]

“Furar no pasado para apontoar o futuro”

Por Montse Dopico

A fortaleza a e dignidade da xente maior, así como o pasado que abrolla no presente, cimentan *Os días afogados*, de César Souto e Luís Avilés. O documental é a historia dunha loita. A de Aceredo e Buscalque, dúas aldeas que foron anegadas en 1991 pola construción do encoro de Lindoso, en Portugal. Os veciños e veciñas sabían que ía perder as súas casas. Pero pedían unha compensación xusta por elas. A empresa xogou a dividilos. Coa complicidade do Goberno.

Os días afogados constrúe un relato que funde o pasado co presente. O pasado, a través de vídeos domésticos gravados, a partir dos 60, polos propios veciños. O presente, co rodado polo equipo do filme. «Non queríamos contar a historia a través da entrevista directa. O obxectivo era unificar o material que tiñamos, os vídeos domésticos, co que nós gravamos, para establecer unha liña de tempo argumental, un discurso, de xeito que chegue un momento en que o espectador non repare no formato: se son cortes dos vídeos antigos ou se é o que rodamos nós», comenta Luís Avilés.

Desta maneira, son os veciños, os protagonistas, os que contan a historia. Que é a dun xeito de vida que o encoro ameazaba. «Eles conviven co seu pobo afundido alí ao lado. Deambulan polo Aceredo novo, pero aínda se notan as miradas de tristeza. Foi moi duro para eles perder as casas onde naceran. O efecto foi devastador, e aínda está no ambiente. Non foi só unha destrución física. Foi a destrución dunha cultura. Unha forma de ver a vida. E esa é a traxedia. Agora hai un Aceredo novo, pero non ten nenos nin xente nova. Non hai ninguén que vaia manter a memoria do que fora», explica Avilés.

Por iso, *Os días afogados* non é só a destrución de dúas aldeas. «Eu creo que o que mostra é o despoboamento do rural. Houbo dúas mortes. Unha, a do anegamento. Outra, a da ausencia de relevo xeracional. Por moito que haxa outra aldea construída ao lado da afogada», sostén Avilés. O proxecto

xurdira dunha reportaxe que a TVG lle encargara a César Souto. «A partir de aí comezou a documentarse e viu que había aquel material, aquelas gravacións, e que podía haber unha película. Como non quería darlle un enfoque informativo, xornalístico, chamoume a min para facer algo máis cinematográfico», lembra.

Os vídeos domésticos mostran, primeiro, un xeito de vida. De comunidade. Despois, avanza o conflito. «O problema é que lles querían pagar prezos ridículos. É un abuso de poder nese sentido. A empresa controlaba os tempos, a desesperación da xente. A quen facía máis ruído e mobilizaba máis aos outros, tentaban taparlle a boca pagándolle mellor. Enfrontáronos entre eles. E eu creo, ademais, que se ve claro no documental que as que realmente se enfrontaron, as que pelexaron, foron as mulleres. Elas berraban, protestaban...», indica. Aínda hoxe, —asegura—, o tema crea incomodidade. Aínda que non é así cos veciños. «A súa loita queda reflectida, recollida no documental. A sensación que teñen é a de que se lembran deles, do que pasou. Entón, non cabe dúbida de que o noso traballo serviu para algo», conclúe Avilés, que é tamén o director da curtametraxe presentada en Curtocircuíto *Unary*, interpretada por Antonio Durán Morris, sobre a soidade e o rexeitamento social que sofre unha persoa que acaba de saír de prisión.

Publicado en <http://praza.gal/>

NA LIBRARÍA NUMAX

Auga a través, Dores Tembrás. Apiario

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME